

“II Congreso de contratación pública; por unha contratación máis áxil, eficaz, en igualdade e sostible”

Organiza: Deputación Provincial da Coruña (Servizo de Patrimonio e Contratación)

Datas de realización: Luns 1 e martes 2 de abril de 2024

Lugar de realización: Teatro Colón. Avenida da Mariña, nº 4 - A Coruña

Dirección do Congreso: Xosé Luis Penas Corral, deputado provincial de Contratación, Patrimonio e Equipamento.

Coordinación: Luis Jaime Rodríguez Fernández, xefe do servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación Provincial de A Coruña.

Teléfonos : 981 080 366 / 981 080 314

Persoas destinatarias: Persoal das administracións públicas, cargos electos, arquitectos/as, enxeñeiros/as, avogados/as, economistas, empresarios/as, estudantes, opositores/as e persoas interesadas en xeral.

O congreso contará cun servizo permanente de intérpretes en lingua de signos

Inscrición: Gratuíta, na seguinte ligazón:

<https://www.dacoruna.gal/contratacion/ii-congreso-contratacion-publica>

Prazo de inscrición: ata as 23.59 horas do domingo, 31 de marzo de 2024

Certificado de asistencia: enviaráselles ás persoas que asistan e o solicitaran no documento de inscrición.

O obxecto deste congreso é reflexionar, debater e atopar puntos de encontro para buscar aquelas medidas e instrumentos que permitan conseguir unha maior axilidade e simplificación na xestión administrativa da contratación, poñendo especial énfase na contratación estratéxica e singularmente na xestión pública con perspectiva de xénero. Así mesmo trataranse outros temas de interese relativos a esta materia, a prol dun mellor servizo á cidadanía, contratistas, e á propia administración.

Programa:

LUNS, 1 DE ABRIL DE 2024

8.45 Recepción de asistentes

9.00 PRESENTACIÓN DO CONGRESO

- Valentín González Formoso, presidente da Deputación Provincial da Coruña



9.15 CONFERENCIA: “Contratación pública e boa administración: un cambio de paradigma”

- José María Gimeno Feliú, catedrático de Dereito Administrativo da Universidade de Zaragoza e codirector do Observatorio de Contratación Pública

10.15 MESA REDONDA: “Igualdade de xénero e contratación pública. Medidas para levar a cabo unha xestión contractual desde a perspectiva de xénero”

- Beatriz Belando Garín, profesora titular de Dereito Administrativo da Universidade de Valencia, acreditada como catedrática de Dereito Administrativo
- Isabel Gallego Córcoles, catedrática de Dereito Administrativo da Universidade de Castela – A Mancha
- Teresa Medina Arnáiz, profesora titular de Dereito Administrativo da Universidade de Burgos
- MODERA: Eva Ovenza Pereira, técnica de Políticas de Igualdade e Políticas Públicas da Deputación Provincial da Coruña

11.15 MESA REDONDA: “A experiencia dos tribunais de contratación autonómicos e das entidades locais”

- Elsa Marina Álvarez González, profesora titular de Dereito Administrativo e secretaria xeral da Universidade de Málaga. Vogal do Tribunal Administrativo de Recursos Contractuais da Deputación de Málaga
- Tomás Otero Ferreiro, presidente do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL)
- Pablo Seoane Cancelo, asesor técnico do Servizo de Contratación e Fomento da Deputación de Lugo
- MODERA: Beatriz Méndez López, xefa de Sección de Contratación do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación Provincial da Coruña

12.15 a 12:45 PAUSA

12.45 MESA REDONDA: “O control da contratación pública e en especial os contratos financiados con fondos Next Generation”

- Graciela Riveiro Moreira, secretaria-interventora do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña
- Simón Rego Vilar, conselleiro do Consello de Contas de Galicia
- Juan Bautista Suárez Ramos, interventor adxunto da Deputación Provincial da Coruña e vogal do Comité Antifraude da Deputación Provincial da Coruña
- MODERA: Sofía Agrafojo Rey, técnica de xestión de proxectos da Deputación Provincial da Coruña.



**Deputación
DA CORUÑA**

13.45 CONFERENCIA: Medidas de loita contra a corrupción na contratación pública

- Ricardo Rivero Ortega, catedrático de Dereito Administrativo e reitor da Universidade de Salamanca

14:30 a 16:30 DESCANSO

16.30 CONFERENCIA: “As consecuencias da invalidez dos contratos públicos: entre a restitución e o enriquecemento inxusto”

- Tomás Cano Campos, catedrático de Dereito Administrativo da Universidade Complutense de Madrid

17.30 CONFERENCIA: “A contratación pública desde a perspectiva da xurisdición contencioso-administrativa”

- Francisco de Cominges Cáceres, maxistrado titular do Xulgado Contencioso-Administrativo número 1 de Pontevedra

18.30 MESA REDONDA: “Mesas de contratación, comité de expertos/as e criterios de adxudicación: cuestións prácticas”

- José Carlos Castiñeira Piñeiro, secretario do Concello de Pontevedra
- Federico Suárez Cancelo, secretario do Concello de Oroso
- Javier Suárez García, xefe da Avogacía do Estado en Galicia
- MODERA: Paulo López Porto, avogado e profesor do Máster Universitario en Avogacía e Procura da Universidade de Santiago de Compostela

19.30 CONCERTO de piano e violonchelo

20.00 FIN DA PRIMEIRA XORNADA

MARTES, 2 DE ABRIL DE 2024

9.00 CONFERENCIA: “A necesidade dunha maior implicación das administracións públicas na aplicación das políticas de igualdade de xénero”

- M^a Soledad Agra Tuñas, deputada delegada especial en materia de Igualdade, Lingua e Dereitos Civís da Deputación da Coruña

9.15 CONFERENCIA: “Responsabilidade extracontractual da administración e do contratista por danos a terceiros na execución do contrato”

- Eduardo Gamero Casado, catedrático de Dereito Administrativo da Universidade Pablo de Olavide.

10.00 CONFERENCIA: “Servizos locais ambientais e contratación”

- Juan José Pernas García, profesor titular de Dereito Administrativo da Universidade da Coruña.

10.30 CONFERENCIA: “Medidas para potenciar a participación das persoas con discapacidade na contratación pública. Discapacidade e igualdade”

- Virginia Carcedo Illera, secretaria xeral e directora de Transformación, Excelencia e Igualdade da Fundación ONCE
Premio Nacional de Discapacidade Raíña Letizia ao proxecto “Mulleres en Modo On, Violencia de Xénero”

11.00 MESA REDONDA: “O empresariado ante a contratación pública. Como potenciar as PEME e os centros especiais de emprego de iniciativa social. Cara a unha mellora dos sistemas de revisión de prezos”

- Eugenia Calvo López, enxeñeira de camiños, canles e portos. Vogal da Asociación Clúster de Empresas de Enxeñería, Consultoría e Servizos Tecnolóxicos de Galicia. (AGEINCO)
- Herminio Martínez Lago, presidente da Asociación Empresarial Galega de Centros Especiais de Emprego Sen Ánimo de Lucro (CEGASAL)
- M^a Luz Rivas Díaz, enxeñeira de camiños, canles e portos e directora de zona de Prezero.
- Patricia Sabín Díaz, profesora titular de Proxectos Arquitectónicos da Escola Técnica Superior de Arquitectura da Universidade da Coruña.
- Diego Vázquez Reino, presidente da Asociación Provincial de Empresarios da Construción da Coruña (APECCO) e da Federación Galega da Construción
- MODERA: Daniel Beiras García-Sabell, arquitecto xefe do Servizo de Arquitectura e Mantemento da Deputación Provincial da Coruña

- **12.15 a 12.45 PAUSA**

12.45 MESA REDONDA: “O contrato menor e o procedemento negociado. Sistemas de cooperación vertical e horizontal. Patrocinios”

- Silvia Díez Sastre, profesora titular acreditada como catedrática na Universidade Autónoma de Madrid
- Alejandro Huergo Lora, catedrático de Dereito Administrativo da Universidade de Oviedo
- Diana Santiago Iglesias, profesora titular de Dereito Administrativo da Universidade de Santiago de Compostela



- MODERA: María Lauda Pan, xefa de Sección de Contratación do Servizo de Patrimonio e Contratación

13.45 MESA REDONDA: “Aspectos mellorables da contratación desde a perspectiva da Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia, OIRESCON e xuntas consultivas de contratación”

- Elena Barba Pan, secretaria da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma de Galicia
- Miguel Ángel Bolsa Ferruz, xefe de Área da Promoción da Competencia da Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia (CNMC)
- Francisco Cano Molina, director da División de Regulación da Contratación Pública da Oficina Independente de Regulación e Supervisión da Contratación (OIRESCON)
- MODERA: Manuela Lorenzo Rodríguez, técnica de administración xeral da Deputación Provincial da Coruña

14.45 a 16.45 DESCANSO

16.45 MESA REDONDA: “Como simplificar a contratación pública: claves xurídicas e tecnolóxicas para axilizar a xestión burocrática”

- Concepción Campos Acuña, secretaria de administración local, codirectora da cátedra de Bo Goberno Local na Universidade de Vigo
- Manuel J. García Rodríguez, doutor investigador da Universidade de Oviedo
- Patricia Iglesias Rey, letrada maior da Asesoría Xurídica do Consello de Contas de Galicia (en servizos especiais)
- MODERA: Ana Quintas-Goyanes Penedo, xefa de departamento do Servizo de Patrimonio e Contratación

17.45 MESA REDONDA: “Contraste de experiencias do persoal funcionario responsable da contratación pública: cara a unha xestión máis eficaz, ética e dilixente. Como superar as dificultades e obstáculos do día a día”

- Manuel Ángel Jove Losada, coordinador xeral da Área de Economía e Planificación Urbana do Concello da Coruña
- Pilar Fernández Maroño, xefa do Departamento de Servizos e Subministracións do Servizo de Contratación do Concello da Coruña
- Luís Jaime Rodríguez Fernández, xefe do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación Provincial da Coruña e presidente do Comité Antifraude da Deputación Provincial da Coruña
- MODERA: Cristina Orgeira Fernández, xefa de departamento do Servizo de Patrimonio e Contratación



**Deputación
DA CORUÑA**

18:45 CONFERENCIA: "A igualdade como valor competitivo na contratación pública"

- Lucía Rial Pampín, coordinadora do gabinete técnico de Igualdade da Confederación de Empresarios de Galicia

19.15 CONFERENCIA: "Contratación pública e urbanismo social"

- Santiago González-Varas Ibáñez, catedrático de Dereito Administrativo da Universidade de Alacante

20.15 CLAUSURA: "A política e a administración ao servizo da contratación pública"

- Xosé Luis Penas Corral, deputado de Contratación, Patrimonio e Equipamento e presidente da Mesa de Contratación Permanente da Deputación Provincial da Coruña.

20.30 FINALIZACIÓN DO CONGRESO